

## **HISTORIA DA FILOSOFÍA**

### **OPCIÓN 1**

*Lea atentamente o seguinte texto de ARISTÓTELES e a partir del responda as cuestións que se formulan.*

- *Teña en conta que se trata de cuestións interrelacionadas. Procure integrar as respostas nunha composición redactada de maneira unitaria.*
- *Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as cualidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario apropiado, coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e retórica.*

#### **TEXTO**

Feitas estas distincións, cómpre examinar as causas, cales e cantas son. E xa que se trata de coñecer, e non cremos ter coñecemento de algo sen antes ter captado en cada caso o porqué (e isto vén sendo captar a causa primeira), é evidente que nós temos que facelo coa xeración e a destrución e con todo cambio natural, a fin de que, coñecendo os seus principios, intentemos encamiñar ata eles cada unha das nosas investigacións.

Nun sentido (a) chámase causa a ese constitutivo inherente do que se fai algo, coma tal o bronce da estatua e a prata da copa e os seus xéneros. Noutro sentido (b) é a forma e o modelo, é dicir, a definición da esencia e os seus xéneros (así a causa da oitava é a relación de dous a un, e en xeral o número), e tamén as partes da definición. E tamén (c) é aquilo de onde xorde o principio primeiro do cambio ou do repouso; así quen toma unha resolución é causa, o pai é causa do fillo, e en xeral o que fai é causa do feito e o que produce un cambio é causa do cambiado. E aínda máis (d), é o fin, aquilo para o que é algo, como a saúde con relación ó paseo. Pois, por que paseamos? Dicimos que para ter saúde e, ó falar así, cremos indicar a causa. E son un medio para o fin todas as cousas que outro move; así o adelgazamento ou a purga, os medicamentos ou os instrumentos cirúrxicos, todos eles son medios para a saúde, pero hai diferenzas entre eles, xa que uns son accións e outros instrumentos.

**ARISTÓTELES, Física II-3 194b16-195a3**

#### **CUESTIÓNS PRINCIPAIS ÁS QUE DEBE DAR RESPONDA A COMPOSICIÓN**

##### **I) Marco histórico e conceptual : (avaliación:de 0 a 3 puntos)**

- Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.
- Cuestión contextual: Crítica da doutrina platónica.

##### **II) Comprensión: (avaliación:de 0 a 5 puntos)**

- Lea atentamente o texto e a partir del responda a seguinte cuestión temática: A teoría hylemórfica no seo da physis: A teoría causal.

##### **III) Coñecemento específico: (avaliación:de 0 a 2 puntos)**

- Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática, expoña –con claridade e rigor conceptual– as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da “Historia da Filosofía”.
- Comentario persoal.

## **HISTORIA DA FILOSOFÍA**

### **OPCIÓN 2**

*Lea atentamente o seguinte texto de KANT e a partir del responda as cuestións que se formulan.*

- *Teña en conta que se trata de cuestións interrelacionadas. Procure integrar as respostas nunha composición redactada de maneira unitaria.*
- *Na avaliación da proba teranse en conta non só os contidos do exposto (coñecemento da materia), senón tamén as cualidades formais da exposición, tanto nos aspectos relativos ao uso dun vocabulario apropiado, coma no referente á corrección sintáctica, ortográfica e retórica.*

#### **TEXTO**

Ilustración é a saída do home da súa minoría de idade, da cal el mesmo é o culpable. Minoría de idade é a incapacidade de servirse do seu entendemento sen a dirección doutro. Un mesmo é o culpable desta minoría de idade cando a causa dela non reside na carencia de entendemento, senón de decisión e valor para servirse del sen a dirección de outro. ¡*Sapere aude!* ¡Ten o valor de servirse do teu propio entendemento!, eis a divisa da ilustración.

Preguiza e covardía son a causa pola que unha tan grande parte de homes moito despois de que a natureza os teña ceibado da dirección allea (*naturaliter maiores*), sigan emporiso a ser con gusto toda a vida menores de idade; e é por iso que lles resulta tan doado ós outros erixirse nos seus titores. ¡É tan cómodo ser menor de idade! Se teño un libro que pensa por min, un director espiritual que ten unha conciencia moral para min, un médico que me prescribe unha dieta, etc., daquela non preciso molestarme. Se podo pagar, non teño necesidade de pensar; xa haberá outros que asuman por min tan amoladora tarefa. A inmensa maioría dos homes (...) consideran que o paso cara á maioría de idade, ademais de pesado, é perigoso: iso procuran os titores que se teñen encargado bondadosamente do seu control...

Para a persoa individual é daquela difícil dar saída dunha minoría de idade case convertida en natureza... De aí que só uns poucos teñan conseguido co propio esforzo do seu espírito zafarse da minoría de idade e, con todo, manter o paso firme.

Ben máis posible é, pola contra, que o público se ilustre por si mesmo; así será, de certo, case inevitablemente con só que se lle deixe en liberdade. Pois sempre se atoparán, mesmo entre os establecidos titores da gran masa, algúns que pensen por si mesmos, os cales, logo de terse desfeito do xugo da minoría de idade, propagarán no seu redor o espírito dunha estimación racional do propio valor e da vocación de todo home a pensar por si mesmo.

**I. KANT**, «Resposta á pregunta:¿Que é ilustración?» (*Berliner Monatschrift*, decembro, 1784)

#### **CUESTIÓN PRINCIPAL ÁS QUE DEBE DAR RESPONDA A COMPOSICIÓN**

##### **I) Marco histórico e conceptual : (avaliación:de 0 a 3 puntos)**

- Situar o autor do texto no marco histórico-cultural e filosófico da súa época.
- Cuestión contextual: Factores políticos, sociais e culturais que no século XVIII conducen á Ilustración.

##### **II) Comprensión: (avaliación:de 0 a 5 puntos)**

- Lea atentamente o texto e a partir del responda a seguinte cuestión temática: A idea kantiana de Ilustración.

##### **III) Coñecemento específico: (avaliación:de 0 a 2 puntos)**

- Atendendo á problemática do texto e á cuestión temática, expoña –con claridade e rigor conceptual– as relacións (de semellanza ou diferenza) con outros autores, correntes filosóficas ou épocas da “Historia da Filosofía”.
- Comentario persoal.